PROPOSTA PROGRAMA DE TRABALLO PARA O 2021.

Unha vez analizadas as propostas de traballo presentadas polos membros do CES (CIG, UGT, CCOO, CEG, UNIÓN CONSUMIDORES, CONFRARÍAS) por parte do gabinete técnico do CES, e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e de persoal da institución, ao abeiro do disposto no artigo 5 da Lei 6/1995, de 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, preséntase por parte desta Presidencia, unha vez tidas en conta as aportacións feitas polo gabinete técnico, a seguinte proposta para o seu debate e, no seu caso, aprobación polo pleno do Consello segundo o artigo 13.6 da Lei citada.

1.-Ditames

Neste intre estase a elaborar o ditame da **Lei de recoñecemento da universidade privada "Universidad Intercontinental de la Empresa"** que se espera este rematado no mes de febreiro.

A maiores, segundo o plan lexislativo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia no consello de data 14/01/2021, espérase sexan remitidas como ditames de carácter preceptivo (artigo 5.1.1 a/ da Lei 6/1995):

- Lei reguladora de xogos e apostas de Galicia.
- Actualización da lexislación reguladora de artesanía de Galicia.
- Leis de Patrimonio.
- Lei de arquitectura de Galicia.
- Marco regulador da educación de adultos.
- Renovación da normativa en materia de prevención do consumo de alcohol incorporando lexislación sobra a prevención do consumo de tabaco.
- Lei de creación da sociedade para a xestión do ciclo integral da auga, S.A.
- Lei de calidade alimentaria.

2.- Informes

Tendo en conta a situación económico social e o acordado na comisión permanente do 27/01/2020, proponse a elaboración dos seguintes informes ao abeiro do disposto no artigo 5.2 da Lei 6/1995, os seguintes:

- Medio Rural: retomar o do medio rural galego particularizando na gobernanza e nos seus aspectos sociais.

CVE: 8Q6yOxrIt9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- COVID: escoller un sector dos máis afectados pola pandemia e analizar o antes e o despois dende un punto de vista estrutural (tendo en conta que na memoria xa se fai unha aproximación).
- Sustentabilidade das finanzas públicas.
- BREXIT: actualizar o informe que xa se fixo no seu momento (informe 1/2018) á vista do acordo asinado entre a UE e o Reino Unido.
- Contribución das confrarías de pescadores ao desenvolvemento económico e social da pesca artesanal en Galicia.

3.- Informe-opinión.

Considérase interesante a elaboración dun informe-opinión sobre:

- as conclusións da Axenda 2030.

4.- Xornadas

Tendo en conta a actual coxuntura económica e social, considérase de interese a realización das seguintes xornadas:

- Sobre Economía social.
- Sobre a Lei de costas desde un punto de vista climático, o impacto do cambio climático.
- Dixitalización (fortalezas e debilidades, retos da dixitalización, a gobernanza dixital.

Tamén se consideran temas a ter en conta, para futuras intervencións, con carácter xenérico, os relativos a hostalería, comercio, asistencial, protección social (ingreso mínimo vital)

En Santiago de Compostela.

O Presidente

Asdo.: Agustín Hernández Fernández de Rojas

Asinado por: HERNANDEZ FERNANDEZ DE ROJAS, AGUSTIN
Cargo: PRESIDENTE (CES GALICIA)
Data e hora: 05/02/2021 12:55:22

CVE: 8Q6yOxrIt9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve